

ANEXO

Entidade ⁽¹⁾	Especie ⁽²⁾	Modalidade ⁽³⁾	Zona de traballo	Días máx. extracción	Épocas probables de extracción	Puntos de control
C.P. Camariñas e Muxía (plan conxunto)	N, Lon	MA MSAS	De punta Sandía á desembocadura do río Lago (unicamente na zona de libre marisqueo); praias de Lago e de Barreira e a zona entre a praia de Barreira e punta Sandía. Enseada de Merexo: praias de Area Maior (Os Muñíos), de Loureiro e de Borreiros. Praia da Cruz. Por fóra da praia de Mozogondón (por fóra das zonas de autorización).	90	De xaneiro a outubro	Lonxas de Camariñas e Muxía

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 25 de xaneiro de 2010 pola que se publica o tipo de xuro para o primeiro semestre de 2010 para as operacións acollidas ás bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia (Programa Re-Imaxina).

Mediante Resolución do 22 de xullo de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 148, do 30 de xullo) fixéronse públicas as bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igapo), as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas.

De conformidade co establecido no artigo 7.2º das bases reguladoras, e unha vez verificados os datos relativos á evolución do euribor a prazo de seis meses durante o mes de novembro de 2009,

RESOLVO:

Primeiro.-Os tipos de xuro de referencia que se aplicarán durante o primeiro semestre do ano 2010 ás operacións en vigor das liñas 2 e 3, ao amparo da Resolución do 22 de xullo de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 148, do 30 de xullo) pola que se dou publicidade ás bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica,

as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas (Programa Re-Imaxina), será do 0,993%.

Segundo.-As entidades financeiras deberán comunicarlles aos beneficiarios dos préstamos subvencionados a variación do tipo de xuro.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2010.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Resolución do 18 de xaneiro de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se determina a composición das comisións ditaminadoras dos concursos de traslados entre funcionarios docentes.

Advertido un erro na devandita resolución, publicada no DOG nº 12, do 20 de xaneiro de 2010, cómpre publicar a seguinte corrección:

Na páxina 720, onde di: «Comisión nº 2-Área de letras, presidente titular 76796063Y, Fentanes Rodríguez, Gerardo J. Inspector de educación», debe dicir: «Comisión nº 2-Área de letras, presidente titular 34720883Z, Caseiro Nogueiras, Delfín. Inspector de educación».